

Ensaio O ensaio de Pérez Rúa enfrenta unha tarefa pendente: analizar o cambio social do país dende o empírico, alén mitificacións

Como progresamos (sen saber onde iamos)

Se un repasa os libros escritos no país nas últimas tres décadas reparará en que ningún tivo por asunto directo o cambio social. Dicar ningún é moito dicir. Pero, salvo que a ignorancia ou a memoria me traizoen, así é. Hai, dende logo, unha ampla literatura indirecta, dende libros de memorias ata un groso feixe de ensaios acerca das transformacións económicas, pasando polos inevitables textos de antropoloxía que nos explican o raros e inefables que somos: como estamos en guerra contra a racionalidade moderna. Pero textos que dean conta, case notarial, do pouco que se parece a Galicia do 2011 á dos anos 60 do pasado século, que intenten unha mirada que obxectibe e comprenda, case nada.

Este é o grande mérito da obra de Manuel Pérez Rúa, *Domingos de calcetíns brancos*, que leva por explícito subtítulo Retrato do cambio social na xeración de 1950. É un mérito inmenso nunha cultura puritana, literaria no peor sentido, que ama a mistificación, e vive –sobrevive máis ben– da negación da realidade. O desinterese da Galicia retórica pola Galicia empírica é enorme, fabuloso. Non é de estrañar que, nun país en que é tan frecuente que a mitoloxía substitúa á eficiencia, as derrotas se encadeen unha tras outra. Quen queira entender, que entenda...

A vontade de Manuel Pérez Rúa móvese en dirección contraria. Os que o coñecemos sabemos que o seu xesto é o de quen ten experiencia, ten vivido, e xa está farto de que lle conten historias. O que quere é mergullarse na núa verdade social, que é o punto de partida indispensable se un quere facer algo. Foi para ese fin que Pérez Rúa lle deu voz aos membros dunha cuadrilla do Morrazo. Ese grupo de amigos constitúe un microcosmos que leva en si mesmo o índice de todas as transformacións que viviu Galicia no último medio século e, o que non é menos importante, de como foi elaborada esa experiencia social. A través deste palimpsesto dámosos unha achega a como foi vivida e interpretada a inmensa transformación social que comezou nos anos sesenta.

Dende logo, a mirada retrospectiva pon en claro que o común da xente viviu esa transformación como un logro. Case todos entenden ter ascendido socialmente; mellorado, respecto ás xeracións que os antecederon, a casa, o nivel educativo; transformado nun sentido positivo as relacións entre pais e fillos, homes e mulleres. Todos eles xulgan ter chegado a coñecer máis mundo e expresan contento cos cambios políticos, coa chegada da democracia e da autonomía. Así, a lenda que se narra é a de como saímos do atraso para incorporámonos á modernidade. Hai poucas fendas nesa univocidade. Nese sentido, o libro constitúe unha ilustración acerca dos gran-



Acaso # 78 (Pantalán) // Javier Vallhonrat

des consensos de fondo sobre os que se ergueu o enteiro edificio das fenomenais transformacións que deixaron irrecoñecible a sociedade galega tal e como era hai corenta anos.

Para a consideración xeral, non hai un “paraíso perdido” atrás de nós. Ao contrario, o pasado social é un territorio do que convida a fuxir canto máis rápido, mellor. Detéctase moi pouca melancolía. A narrativa do progreso, segundo se desprende das declaracións dos entrevistados, é moi amplamente compartida pola sociedade galega. Todos eles, dun modo ou outro, expresan satisfacción cos logros adquiridos. A mentalidade de fondo das xentes que agora se acercan aos sesenta está marcada por unha visión optimista e proactiva da propia vida que, así e todo, non herdaron os seus fillos. Non deixa de ser paradoxal este dato: que o benestar das novas xeracións ten dado lugar –cohnestado con certa permisividade paterna– con significativa frecuencia a formas de pasividade e de nin traballar nin estudar que expresan unha convicción burguesa: a de teren chegado. Os fillos, coma sempre, ofrecen unha versión literal do que nos seus pais está embozado ou difuso. Pero tal vez esta é outra historia.

Quitando o feito de que a perspectiva, como declara curándose en saúde o autor, é exclusivamente masculina, e referida de partida, pero non só, a un grupo de amigos de Moaña, *Domingos de calcetíns brancos* intenta ser todo o exhaustivo que pode para aprehender o anaco de vida que toma como referencia. Manuel Pérez Rúa pregunta pola infancia, polas relacións entre pais e fillos, pola iniciación sexual, pola incorporación ao traballo e polo baño de política que marcou a transición á democracia, amén de polo ur-

banismo e a relixión. Por todo o que puido marcar un fito no camiño do cambio social. Despréndese do conxunto unha gran congruencia, máis aló das diferenzas de orixe xeográfica, social e cultural dos entrevistados. De feito, un sospeita que o retrato, con pouca diversidade de matices, sería moi parecido en case calquera outro lugar xa non de Galicia, senón de España. A época, retrospectivamente, parece ter feito converxer miradas que poderían ter diferido se a evolución dos acontecementos fose outra.

É algo do que cabe tomar nota, se se considera que ese tránsito puxo en cuestión non exactamente a Galicia, pero si a Galicia tradicional e, máis alá, a Galicia definida e percibida polo imaxinario máis estendido. De feito, non é difícil atopar, máis alá do material ofrecido neste libro, por debaixo desa satisfacción xeneralizada, ambigüidades e ansiedades relacionadas co sentimento de perda. Sabemos que os mesmos que se acomodan a existencias máis plácidas e felices que as propias da súa infancia non deixan ás veces de sufrir por terse evaporado o mundo ao que pertencían. Non creo que sexa difícil atopar, en certas expresións da cultura galega, en especial da nacionalista, visións apocalípticas ou resentidas, signo da impotencia á hora de conducir unha vía autóctona á modernización. Son puntos de vista, por suposto, bastante falsos e teñen, no esencial, unha función consolatoria e conformista. Pero poñen ao alcance dalgunhas biografías certa capacidade de racionalizar o seu fracaso á hora de definir a Galicia do presente.

Se na visión compartida da xeración dos cincuenta a súa infancia transcorreu no purgatorio, cara onde os levou o camiño? O limbo sería tal vez a resposta.

Dende logo, xa non estamos alí. A Grande Transformación xa tivo lugar. Pero non sabemos nin onde estamos, nin cara a onde imos. A sociedade galega está abrindo un período novo, máis próximo ás tendencias de fondo da sociedade española, e cunha grande indefinición acerca dos seus obxectivos. O Mundo Pobre, na súa versión tradicional, quedou atrás, aínda que segue sendo útil para mobilizar o heroísmo das novas clases medias, encantadas de narrar o mal que o pasaron na infancia, coma se fosen candidatos á Presidencia dos Estados Unidos.

Pero, xa superada a miseria de entón, que Galicia nos promete hoxe un futuro incerto, máis escuro dende o centro da actual crise? Ese é o tipo de pregunta que deberíamos intentar desvelar pero que –temo con melancolía– poucos están interesados en formular. A Galicia de hoxe xa acabou no substancial o proceso de modernización. Xa é unha sociedade urbana, cos seus crimes, narcotraficantes, burbullas especulativas, unha recua de novos ricos, un idioma en receso e uns media que deciden case todo o que ten a xente na cabeza. A narrativa do pasado ofrece tons satisfactorios para a xeración que tivo a oportunidade de vivir en primeira liña o cambio social da fin do franquismo pero hoxe o porvir dá mostras de estar en suspenso, colgado sobre o horizonte. // **Antón Baamonde**

Domingos de calcetíns brancos. Retrato do cambio social na Galicia de 1950
Manuel P. Rúa · Galaxia, 2010 · 252 páx · 20 euros

